

				profesionais, CAP + PERMISO C + PERMISO E + MERCANCÍAS PERIGOSAS"			
ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL	SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO	UNIATRAMC-GALICIA	María Dolores Somoza Regueiro	Financiar os gastos derivados da execución da acción denominada "Formación Cualificación Profesional Redeira"	2410.470	34.874,00 €	2019
ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL	SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO	FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO	José María Seijas López	Financiamento da execución da actuación "SICOMERCIO Plataforma Dixital-Retail Manager",	4330.789	60.000,00 €	2019

Lugo, 2 de xullo de 2019.- Presidente, Pablo Rivera Capón (firma Delegada D.d. Decreto N.º 402, de 24-02-2017) en funcións.

R. 1961

CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "SERRA DO FARO IV" DE CARBALLEDO E CHANTADA.

Primeiro.- Beneficiarios: Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, as cales desempeñan actividades que están directamente relacionadas coa formación impartida no Obradoiro Dual de Emprego de Carballedo e Chantada, no que se impartiu a formación necesaria para obter os seguintes certificados de Profesionalidade: AGAR0309 Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes, AGAO0108 Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería, EOCB0211 Pavimentos e albanelaría de urbanización, que contraten traballadores/as por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos Concellos de Carballedo e Chantada.

Segundo.- Obxecto: Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro Dual de Emprego de Carballedo e Chantada, financiados a través da convocatoria de 2018 de axudas e subvencións a Obradoiros duais de emprego, pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pertencente á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Bases reguladoras: As bases completas e os modelos de solicitude están publicados na páxina web do Concello de Carballedo, <http://www.concellocarballedo.es> no apartado de Actualidade.

Cuarto.- Contía: Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500€ por cada traballador/a, correspondente a un contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes: Dez días naturais (10) contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.

Carballedo, a 03 de xullo de 2019.- O Alcalde, D. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 2018

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA 2019

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria do Pleno deste Concello, do día 4 de xullo de 2019 o Orzamento Xeral deste Concello e do seu Organismo Autónomo "Instituto Municipal de Drogodependencias", así coma as súas Bases de Execución, e o cadro do persoal para o exercicio económico 2019, dacordo co previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expónse ó público o expediente